



Produto interior bruto



Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2017-2023

	% (T/T-4)	2017	2018	2019	2020	2021	2022	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23
Galicia		2,0	3,0	1,1	-8,8	5,2	3,8	1,7	2	2	2,1	3,0	3,5	2,5	3,1	2,3	1,0	0,7	0,5	-4,2	-17,8	-6,5	-6,8	-2,3	15,3	4,2	5,0	5,3	5,3	2,7	2,2	3,0	1,5
España		3,0	2,3	2,1	-11,3	6,1	6,1	2,6	3,2	3,0	3,0	2,6	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	1,9	1,5	-4,7	-21,9	-9,2	-9,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	6,3	7,8	4,9	3,0	4,2	2,2

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), ICE

No segundo trimestre de 2023 o PIB galego medrou o 1,1% respecto do trimestre anterior, o cal levou a variación do PIB galego en termos interanuais a unha suba do 1,5%. O crecemento intertrimestral do PIB español foi do 0,4% previsto no avance, pero a variación do PIB interanual rexistrada en España foi do 2,2% cando a previsión do avance fora do 1,8%. Todo isto leva o PIB interanual a reducirse en 0,5 puntos en Galicia e 2 puntos en España.

O *Gráfico 1* amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e reflicte a magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por terse producido variabilidades extremas trimestre a trimestre que dificultan a interpretación da evolución do PIB, egadimos o *Gráfico 2*, que recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos, o cal aporta unha mellor perspectiva á hora de analizar a evolución do volume de actividade das economías galega e española antes, durante e despois da pandemia. Logo da última actualización da serie de datos de PIB desde 2021 en adiante mudou a situación recollida en anteriores edicións deste Boletín. Deste xeito, o valor do índice para España supera ao de Galicia non só neste trimestre senón retroactivamente nos últimos cinco trimestres e, cun valor de 113,31, supera o do índice para 2019 -último ano pre-pandemia- no 2,4%, mentres que en Galicia o índice fica en 111,28, un 1,3% por riba do valor do índice para 2019.

O avance do PIB galego para o terceiro trimestre de 2023 prevé unha diminución do -0,3% en termos intertrimestrais e un incremento do 1% en termos interanuais. No que atinxe ao PIB español para o terceiro trimestre de 2023 a previsión é dunha suba do 0,3% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, levaría a variación do PIB de España a un crecemento do 1,3%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 3º Trimestre 2023

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mismo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
	Galicia	1.261,6	11,6	0,9	12,9
España	24.121,0	301,9	1,3	595,1	2,5


Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A *Encuesta de Población Activa (EPA)* do terceiro trimestre de 2023 recolle un incremento da **poboación activa** galega de 11.600 persoas (o 0,9%) respecto do anterior, tres décimas e media por baixo do incremento rexistrado en España no período (1,3%). En termos interanuais, a poboación activa galega incrementouse nun 1,0%, cun crecemento de 12.900 persoas respecto do terceiro trimestre de 2022. O

incremento en España superou ao galego nun punto porcentual e medio (o 2,5%).

O número de persoas ocupadas en Galicia aumentou en 14.200 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o 1,3%), incremento que estivo por baixo da media española en máis de dous décimas de punto porcentual, logo de que en España a poboación ocupada aumentara en 209.100 persoas. Respecto do terceiro trimestre de 2022 os incrementos foron moi superiores aos intertrimestrais. Así, en Galicia as persoas ocupadas aumentaron en 30.600 (o 2,8%) e en España o fixeron en 720.100 (o 3,5%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no terceiro trimestre de 2023 ata o 48,6%, taxa superior en medio punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en preto de catro puntos porcentuais á taxa do 52,4% rexistrada en España no mesmo período, o que levou ao diferencial da taxa de ocupación Galicia-España a diminuír en dúas décimas respecto do trimestre anterior.

Para rematar coa análise da EPA do terceiro trimestre de 2023, e no que atinxe ao número de persoas en paro en Galicia, produciuse un descenso do paro no trimestre de -2.500 persoas, o que supuxo unha redución porcentual do -2,1%, mentres que as persoas en paro en España aumentaron no trimestre en 92.700 (incremento intertrimestral do 3,4%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o paro diminuíu en Galicia en termos interanuais en -17.700 persoas, que representan unha diminución do paro do -13,1% nos últimos catro trimestres, porcentaxe moi superior ao descenso en España que foi do -4,2%. Estes datos levan a taxa de paro en Galicia ao 9,3% mentres que a española pasou a ser do 11,8%.



Os *Boletíns mensuais do paro rexistrado* amosan un incremento do **paro rexistrado** no terceiro trimestre de 2023 do 1,3% (1.619 persoas) respecto do segundo. Respecto do peche do terceiro trimestre de 2022 rexistrouse unha redución do -9,3% (-13.466 persoas), redución superior á que se produciu ao remate do trimestre anterior. Así, o *Gráfico 3*, -que recolle a porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado, e no cal os meses dos terceiros trimestres de cada ano recollido aparecen sinalados na cor violeta- amosa que o paro rexistrado leva 30 meses consecutivos de redución interanual e que o ritmo desa redución aumentou respecto ao dos catro trimestres anteriores logo de que, mes a mes, se mantivese entre o -8,9% e o -10,0%. O mes de Setembro foi o primeiro mes desde Xaneiro no que o descenso interanual do paro rexistrado non aumentou respecto ao do mes anterior en termos porcentuais.

Por sexos, a diferenza entre o número de mulleres rexistradas como paradas respecto do número de homes neste trimestre aumentou en máis de 900 e fica agora en preto de 24.000. En termos porcentuais o paro rexistrado segue a se feminizar, logo de que a porcentaxe de mulleres no total de persoas rexistradas como paradas pasase a ser do 59,2% fronte ao 58,9% co que se pechou o pasado trimestre ou o 59,0% ao remate do terceiro trimestre de 2022.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 3º Trimestre 2023

3T23	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
TOTAL	127.445	127.725	130.643	-1.579	280	2.918	-1,2%	0,2%	2,3%	-12.405	-14.187	-13.486	-8,9%	-10,0%	-9,3%
Homes	51.732	51.517	53.343	-1.257	-215	1.826	-2,4%	-0,4%	3,5%	-5.889	-6.596	-5.735	-10,2%	-11,4%	-9,7%
Mulleres	75.713	76.208	77.300	-322	495	1.092	-0,4%	0,7%	1,4%	-6.516	-7.591	-7.731	-7,9%	-9,1%	-9,1%
<30 anos	12.949	13.310	14.850	-505	361	1.540	-3,8%	2,8%	11,6%	-2.093	-2.671	-1.518	-13,9%	-16,7%	-9,3%
entre 30 e 44 anos	36.427	36.532	36.973	-90	105	441	-0,2%	0,3%	1,2%	-5.296	-5.898	-6.178	-12,7%	-13,9%	-14,3%
>44 anos	78.069	77.883	78.820	-984	-186	937	-1,2%	-0,2%	1,2%	-5.016	-5.618	-5.770	-6,0%	-6,7%	-6,8%
Agricultura e Pesca	4.107	4.018	4.126	-164	-89	108	-3,8%	-2,2%	2,7%	-757	-743	-650	-15,6%	-15,6%	-13,6%
Industria	12.959	12.873	13.176	-339	-86	303	-2,6%	-0,7%	2,4%	-1.784	-2.084	-1.872	-12,1%	-13,9%	-12,4%
Construción	8.800	8.744	8.828	-205	-56	84	-2,3%	-0,6%	1,0%	-1.078	-1.175	-1.117	-10,9%	-11,8%	-11,2%
Servizos	90.151	90.668	92.661	-732	517	1.993	-0,8%	0,6%	2,2%	-8.915	-10.079	-10.313	-9,0%	-10,0%	-10,0%
Sen emprego anterior	11.428	11.422	11.852	-139	-6	430	-1,2%	-0,1%	3,8%	129	-106	486	1,1%	-0,9%	4,3%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia

Se atendemos aos distintos grupos de idade, as reducións mes a mes do paro rexistradas para todos eles no segundo trimestre continuaron en Xullo, e mesmo en Agosto para o de 45 ou máis anos -aínda que de xeito máis cativo- mentres que o paro aumentaba para os grupos de menos idade. En Setembro o paro aumentou nos tres grupos de idade a un ritmo medio do 2,3%. Cómpre destacar o forte incremento de persoas paradas rexistradas entre menores de 30 en Setembro (11,6%) no que supuxeron máis do 52% do total de novos rexistros cando as persoas paradas rexistradas dese rango de idade abarcan tan só o 11% do total. Comparando co terceiro trimestre de 2022 a evolución mes a mes foi de aceleración cativa pero constante no descenso interanual do paro rexistrado e, cunha única excepción, a diminución foi maior canto máis novo o rango de idade analizado. Deste xeito, entre o grupo de maior idade a diminución chegou en Setembro ao -6,8% desde o -5,3% de tres meses antes e entre o grupo de idade intermedia acadou o -14,3% desde o -12,3% no mesmo período. Porén, entre as persoas menores de 30, tan só o -16,7% de Agosto fica por riba do dato de peche do trimestre anterior, e en Setembro rexistrouse unha redución importante do ritmo de diminución do paro interanual tras caer ata o -9,3%, dato sen dúbida relacionado co aumento do paro rexistrado en Setembro entre menores de 30 anos mencionado con anterioridade.

Con respecto á evolución do paro rexistrado segundo os sectores de actividade producíronse reducións en todos os sectores en Xullo e, coa excepción do sector servizos, en Agosto, e incrementos para todos os sectores en Setembro. Os descensos, cando tiveron lugar, foron superiores no sector primario, seguido da industria e da construción. Mes a mes, o sector servizos e o grupo sen emprego anterior amosou as menores reducións e os maiores incrementos en termos porcentuais. Tanto diminucións como incrementos mantivéronse por baixo do 4%. Ao analizar a evolución por sectores en termos interanuais, o mellor comportamento tivo o sector agrícola-pesqueiro (-13,6%), seguido do industrial (-12,4%). Hai que destacar que todos os sectores produtivos pecharon o trimestre cunha diminución interanual do paro rexistrado de entre o -10,0% e o -13,6%. Porén, e pese a amosar diminución interanual en Agosto, o colectivo Sen emprego anterior foi a nota discordante, cun lixeiro incremento do paro rexistrado en termos interanuais en Xullo e máis acusado en Setembro, logo de pechar o trimestre no 4,3% de aumento.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 3º Trimestre 2023

3T2023	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
	210.641	22.431	11,9%	-28.870	-12,1%
Homes	109.906	12.616	13,0%	-13.440	-10,9%
Mulleres	100.735	9.815	10,8%	-15.430	-13,3%
<30 anos	79.102	14.479	22,4%	-6.136	-7,2%
entre 30 e 44 anos	73.124	3.479	5,0%	-14.373	-16,4%
>44 anos	58.415	4.473	8,3%	-8.361	-12,5%
Indefinido	60.707	-2.786	-4,4%	-19.019	-23,9%
Temporal	147.642	24.521	19,9%	-3.881	-2,6%
Prácticas / Formación	1.373	399	41,0%	-336	-19,7%
Outros	919	297	47,7%	-5.634	-86,0%
Agricultura e Pesca	9.840	4.461	82,9%	-167	-1,7%
Industria	28.444	1.283	4,7%	-4.473	-13,6%
Construción	7.426	-106	-1,4%	-1.780	-19,3%
Servizos	164.931	16.793	11,3%	-22.450	-12,0%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Emprego e Igualdade

-12%, porcentaxe idéntica á redución interanual no segundo trimestre, co que pasan a ser seis os trimestres consecutivos nos que diminúe a contratación en termos interanuais.

Con respecto á distribución por sexos dos novos contratos, no terceiro trimestre de 2023 máis do 56% dos novos contratos foron asinados por homes, o que supuxo un incremento do 13% respecto dos asinados no trimestre anterior, mentres que o incremento no número de novos contratos asinados por mulleres ficou por baixo do 11%. En comparación cos datos do terceiro trimestre de 2022 a redución de novos contratos asinados foi maior entre as mulleres que entre os homes en case 2.000 novos contratos.

Por rangos de idade, como xa sucedera no trimestre anterior, o aumento da contratación foi especialmente máis intenso entre as persoas menores de 30 anos, para quen a nova contratación incrementouse case que o dobre do que o fixo para as outras dúas categorías xuntas en termos absolutos e en máis de 11 puntos porcentuais por riba da media en termos relativos. Na evolución comparada entre terceiros trimestres o grupo de persoas menores de 30 anos tamén foi o que tivo mellor comportamento, logo de que o descenso na contratación para estas persoas fose cinco puntos porcentuais menos acusado que a media. Tal e como xa acontecera no trimestre anterior, o grupo de persoas traballadoras entre 30 e 44 anos foi o que medrou menos respecto do primeiro trimestre e o que máis se reduciu respecto o segundo trimestre de 2022.

A análise da contratación por sectores recolle variacións importantes entre sectores: a construción, que xa viña de ser o único sector no que diminuíu o número de novos contratos no segundo trimestre, volveu a selo neste, aínda que nunha porcentaxe pequena (-1,4%). O único sector no que o número de novos contratos medrou por riba da media foi o de agricultura e pesca e o fixo nunha porcentaxe de preto do 83%. Na comparación co terceiro trimestre de 2022 todos os sectores salvo o primario viron reducida a contratación por riba da media e por baixo do -20%, sendo a construción o sector no que a contratación reduciuse en maior medida (por riba do -19%) No sector agrícola-pesqueiro a redución foi de só -167 contratos (menos do -2%).

Para rematar co análise da contratación, e atendendo ao tipo de contrato asinado, todos os tipos de contrato viron o seu número medrar respecto do trimestre anterior excepto os indefinidos, que diminuíron por riba do -4%. Os contratos en prácticas/formación e os denominados outros tiveron aumentos superiores ao 40% e os temporais medraron en preto dun 20%. En termos interanuais apréciase que os contratos indefinidos caeron en preto do -24% respecto do segundo trimestre do ano pasado, idéntica porcentaxe de diminución interanual que a rexistrada entre segundos trimestres, mentres que os temporais se reduciron en pouco máis do -2%, porcentaxe tamén idéntica a da aqueles períodos.

A **afiliación media** en Galicia pecha o terceiro trimestre de 2023 cun incremento no número de afiliacións de case 3.900 persoas (0,4%) respecto das rexistradas no segundo trimestre do ano, incremento que corresponde de xeito íntegro ao crecemento rexistrado no mes de Xuño, logo de un descenso


No que atinxe á **contratación**, e unha vez transcorrido máis dun ano desde a entrada en vigor do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, comeza a matizarse na serie o impacto da aplicación das novas modalidades de contratación recollidas nel logo de que, nun primeiro momento, e de xeito sobranceiro a través da chegada dos novos contratos fixos descontinuos, provocase un aumento moi importante da contratación indefinida e unha redución dos contratos temporais e dos cualificados como Outros.

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os tres meses do terceiro trimestre de 2023 indican que se asinaron un total de 210.641 novos contratos, que supoñen un aumento da contratación respecto do trimestre previo en case que o 12%. Porén, en termos interanuais a contratación reduciuse por riba do

moi cativo en Agosto e máis intenso no mes de Setembro, en liña co que adoita a acontecer cada terceiro trimestre. Pola súa banda, a afiliación se reduciu en España en máis de -145.000 persoas (o -0,7), logo de que as subas na afiliación media rexistradas en Xullo e Setembro non chegasen a compensar o descenso producido en Agosto

	Afiliación media mensual 3º trimestre 2023 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
Galicia	1.078.128	1.077.911	1.071.112	10.898	-217	-6.799	1,02%	-0,02%	-0,63%	19.935	22.580	21.766	1,88%	2,14%	2,07%
España	20.891.885	20.706.500	20.724.796	21.945	-185.385	18.296	0,11%	-0,89%	0,09%	550.920	555.499	544.508	2,71%	2,76%	2,70%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridad Social)



O Gráfico 4 recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais. Pódese apreciar como a afiliación media segue a incrementarse en Galicia en termos interanuais e acadou 30 meses consecutivos de crecemento. Logo de que no mes de Xaneiro este crecemento rexistrara o seu valor mínimo (0,86%) desde Marzo do 2021, a afiliación media seguiu a acelerar o seu crecemento nos meses de Xullo e Agosto, cunha moi leve ralentización da porcentaxe de incremento en Setembro. Deste xeito, Agosto foi o mes de maior incremento porcentual da afiliación media en Galicia en máis dun ano. A variación interanual da afiliación media en España segue a medrar mes a mes en porcentaxes que se moveron entre o 2,7% e o 2,8%, o que fixo que o diferencial da taxa de incremento interanual entre Galicia e España, que acadara un máximo por riba dos dous puntos porcentuais en Maio de 2022, siga a descender desde entón e ao rematar o terceiro trimestre ficara preto dos 0,6 puntos porcentuais, a diferenza máis cativa desde o mes de Abril de 2021.

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Xuño 2022/2023)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var
Agricultura	537	516	-3,9	19	15	-21,1	1	5	400,0	557	536	-3,8
Pesca	352	303	-13,9	14	15	7,1	23	3	-87,0	389	321	-17,5
Industria	3.251	3.220	-1,0	35	25	-28,6	5	4	-20,0	3.291	3.249	-1,3
Construción	1.979	1.859	-6,1	50	45	-10,0	5	5	0,0	2.034	1.909	-6,1
Servizos	6.348	5.991	-5,6	79	65	-17,7	6	10	66,7	6.433	6.066	-5,7
Total	12.467	11.889	-4,6	197	165	-16,2	40	27	-32,5	12.704	12.081	-4,9

Fonte: Consellería de Empleo e Igualdade. ISSGA.

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Xuño 2022/2023)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var
Agricultura	1.591,0	1.568,9	-1,4	56,3	46,6	-17,2	3,0	15,2	413,5	1.650,3	1.630,7	-1,2
Pesca	2.046,6	1.776,7	-13,2	81,4	88,0	8,1	133,7	17,6	-86,8	2.261,8	1.882,3	-16,8
Industria	2.245,9	2.206,0	-1,8	24,2	17,1	-29,2	3,5	2,7	-20,6	2.273,6	2.225,8	-2,1
Construción	2.512,3	2.321,2	-7,6	63,5	56,2	-11,5	6,4	6,2	-1,7	2.582,1	2.383,6	-7,7
Servizos	849,1	800,7	-5,7	10,6	8,7	-17,8	0,8	1,3	67,5	860,5	810,7	-5,8
Total	1.219,8	1.160,8	-4,8	19,3	16,1	-16,4	3,9	2,6	-32,5	1.243,0	1.179,5	-5,1

Fonte: Consellería de Empleo e Igualdade. ISSGA.

Os índices de incidencia amosan unha tendencia similar no seu comportamento, cunha redución porcentual case que idéntica á redución porcentual de accidentes. Se atendemos aos índices de incidencia por sectores de actividade, foron a pesca -o único sector no que a redución supera os dous díxitos- e a construción nos que se produciron reducións da sinistralidade, aínda que menores aos que se reflectiran nos tres primeiros meses do ano, se ben todos os sectores amosan reducións.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Xuño 2023)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	18	-6	10.432	3.833	18.727	-19.457
España	492	99	201.540	104.218	675.594	366.834

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

do 58%. Porén, ese incremento no número de persoas traballadoras en folga non se viu acompañado dun aumento no número de xornadas non traballadas, xa que se reduciron en máis da metade respecto do primeiro trimestre de 2022. Os valores en España para os tres parámetros analizados indican un incremento da conflitividade aínda maior: así, o número de folgas medrou un 25% e o número de persoas traballadoras participantes nelas o fixo no 107%, mentres que as xornadas non traballadas medraron aínda máis ao acadar un incremento do 118% fronte ao primeiro semestre de 2022.

Expedientes de Regulación de Empleo

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Xuño 2022/2023

	TOTAL		DESPELLOMENTO S COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS				REDUCCIÓN DE XORNADAS			
	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	
	Absolutos	En %	Absolutos	En %	Absolutos	En %	Absolutos	En %	Absolutos	En %	Absolutos	En %	Absolutos	En %
Galicia	11.487	-920	-7%	672	131	24%	10.507	-455	-4%	287	-596	-67%	287	-596
España	108.167	-85.923	-44%	20.531	6.822	50%	81.597	-68.907	-46%	5.739	-23.838	-81%	5.739	-23.838

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(Elaboración propia a partir dos datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, al non estar dispoñibles os acumulados)

Os datos ata Xullo da Estadística de expedientes de regulación de empleo publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social amosan unha diminución cativa (-7%) no número de persoas traballadoras en ERE no distintos tipos de expediente en Galicia que contrasta cunha redución en España do -44%.

Se atendemos á evolución dos ERE por tipo de expediente advírtese que, en contra da

tendencia principal sinalada, os despedimentos colectivos aumentaron en Galicia e en España, e mesmo o fixeron con máis intensidade nesta última (incremento do 50% fronte ao 24% de incremento en Galicia).Foron polo tanto os ERE de redución de xornadas (-67% en Galicia e -81% en España) e, sobre todo, os de suspensión de contratos -por ser estes últimos os que afectan á meirande parte dos traballadores en ERE- os principais responsables da diminución de persoas traballadoras afectadas por este expedientes.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2017-2023

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,6	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.686,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

respecto aos do segundo trimestre de 2022 en 4,2 e 2,2 puntos porcentuais respectivamente. No caso de España medraron tamén, e en porcentaxes superiores (o 6,5% os custos laborais, e o 5,8% no caso dos custos salariais). Deste xeito os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, tanto laborais como salariais, fican por baixo dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes en Galicia, pero non en España.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2023

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	813	24.381,9	-208	-48,9%	67	-35,4%
Sociedades que ampliaron capital	202	109.354,1	-60	38,4%	-65	-25,7%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

redución foi máis intensa que a do número de sociedades constituídas, co que, tal e como tamén aconteceu no segundo trimestre, estanse a crear menos sociedades e con menor capital inicial.

O número de sociedades que ampliaron capital tamén se reduciron respecto do segundo trimestre, e nunha porcentaxe similar ao do número de sociedades constituídas (-23%). Respecto do terceiro trimestre de 2022 o número de sociedades que ampliaron capital tamén se viu reducido, neste caso en preto do -15%. Se atendemos ao capital ampliado producíronse grandes variacións na comparación entre trimestres logo de que se incrementara respecto do segundo trimestre por riba do 38%, e vírase reducido en case que un -25% respecto de fai catro trimestres.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 3º Trimestre 2023

	3T23	2T23	3T22
Sociedades disolvidas	205	254	242
Sociedades que reducen capital	57	61	74
Sociedades en situación concursal	54	58	38

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

de escisión de empresas, dous menos que no trimestre anterior e os mesmos que no terceiro trimestre do pasado ano, mentres que os procesos de fusión fícaron en once fronte aos cinco do segundo trimestre do ano e os trece de fai catro trimestres.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Unha vez rematado o terceiro trimestre de 2023, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 32 ditames sobre normativa laboral autonómica, seis máis dos emitidos durante o mesmo período no ano 2022.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante os tres primeiros trimestres de 2023 tiveron entrada no AGA 118 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 21 máis das que foron recibidas no mesmo período do pasado ano. Entre as 70 mediacións e arbitaxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (21 máis que nos tres primeiros trimestres de 2023), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 71,4%.

Así mesmo, durante o terceiro trimestre proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello proporciona apoio e asistencia. Ao remate do terceiro trimestre de 2023 tiveron lugar na sede do Consello 57 xuntanzas que afectaron a 13 Convenios colectivos de sector. De entre estas mesas negociadoras neste período asináronse a prorroga do Convenio do sector de Pompas Fúnebres de Galicia e os novos convenios para o sector de Centros Especiais de Emprego de Galicia, das Empresas Organizadoras do Xogo do Bingo de Galicia e do sector de Eventos e Producións Culturais de Galicia.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

